

Lume aceso no Nadal.

Fousca e lume aceso
na casa do ferreiro
en Lourenza na ponte da pedra
onde o acifero de bolas vermellas medra.

A veira do río Baos
regado polas súas augas
as follas tornan douradas
a lúa está case apagada.

Son as estrelas as que iluminan
as que voan co vento
cheas de ledicia
num ceo aberto.

Morcegos e paxaros murmuran
murmuran que chega o Nadal
queren panacoliñas en galego
eu quero calor no meu fogar.

Candeas acesas na escuridade
sorrisos, soños e alegrías
compaña dos meus na claridade
dos que me queren de verdade.

Chega o Nadal
Chega o Nadal
bonachera de esperanza
fartura de paz.